

1.- Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) As persoas xurídicas.
- b) Os representantes dos interesados en todo caso.
- c) Os funcionarios de carreira para calquera trámite e actuación que realicen perante as administracións públicas.
- d) Os interesados, en todo caso.

2.- No artigo 3 da Constitución española de 1978 indícase que:

- a) O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen dereito a coñecela e o deber de usala.
- b) O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
- c) O español é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
- d) O español é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen dereito a coñecela e o deber de usala.

3.- En relación coas entidades colaboradoras, no réxime de subvencións, cal das seguintes afirmacións non é correcta?:

- a) Poden colaborar na xestión das subvencións.
- b) Poden ter esta condición os beneficiarios en determinados casos, conforme á normativa comunitaria.
- c) Actúan en nome e por conta do beneficiario.
- d) Actúan en nome e por conta do órgano concedente.

4.- O artigo 68 da Constitución española de 1978 establece que:

- a) A lei facilitará o exercicio do dereito de sufraxio aos españois que se encontren no estranxeiro.
- b) O Estado non poderá facilitar o exercicio do dereito de sufraxio aos españois que non se encontren no territorio de España.
- c) A lei recoñecerá e o Estado facilitará o exercicio do dereito de sufraxio aos españois que se encontren fóra do territorio de España.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

5.- Unha universidade pública pode obter ingresos mediante un préstamo dunha entidade financeira, con que condición?:

- a) O nivel de endebedamento non debe superar os límites establecidos expresamente pola Lei orgánica 6/2001, de universidades.
- b) Obter a autorización previa da comunidade autónoma.
- c) Debe amortizarse completamente no propio exercicio económico.
- d) Debe ser aprobada polo Consello Social, dentro do límite máximo de endebedamento que se contemple nos Orzamentos xerais do Estado para ese exercicio.

6.- Respecto das Comunidades Autónomas, a Constitución dispón que:

- a) Poderán federarse baixo determinados supostos, con autorización do Tribunal Constitucional.
- b) As Cortes Xerais non poderán autorizar a súa constitución en ningún caso.
- c) As súas Asembleas poderán solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei ou remitir á Mesa do Congreso unha proposición de lei.
- d) O Estado non poderá transferirlles ou delegarlles, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal.

7.- Os Estatutos de autonomía serán a norma institucional básica de cada Comunidade Autónoma e:

- a) O Estado recoñeceraos e ampararaos como parte integrante do seu ordenamento xurídico.
- b) As Cortes recoñeceranos e ampararanos como parte integrante do ordenamento xurídico.
- c) A súa reforma requirirá, en todo caso, a aprobación polas Cortes Xerais mediante lei ordinaria.
- d) Non poderán establecer a competencia da Comunidade Autónoma en materias non atribuídas expresamente ao Estado pola Constitución.

8.- De acordo co Regulamento para a realización de actividades de investigación ó abeiro do establecido no artigo 83 da LOU, os gastos asociados á utilización dos servizos xerais da USC forman parte de:

- a) Custos directos.
- b) Custos indirectos.
- c) Gastos xerais.
- d) Subcontratación de servizos.

9.- De acordo coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o Consello de Contas de Galicia:

- a) É un órgano constitucional.
- b) Exerce as súas funcións baixo a dependencia do Tribunal de Contas.
- c) Exerce as súas funcións con plena independencia e depende do Parlamento de Galicia.
- d) Examina as súas propias contas, das que dá traslado ao Parlamento.

10.- O Consello Consultivo de Galicia, segundo establece a Lei 3/2014, do 24 de abril:

- a) É o supremo órgano deliberativo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) No exercicio das súas funcións unicamente poderá emitir ditames.
- c) Emitirá os seus ditames no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao de recepción da solicitude.
- d) Estará asistido por persoal letrado cuxas prazas serán provistas por concurso entre persoal funcionario pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia ou doutros corpos.

11.- Na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, o desenvolvemento pola Administración xeral do Estado da Estratexia española de ciencia e tecnoloxía levarase a cabo a través:

- a) Do Plan Estatal de Coordinación entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- b) Do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación.
- c) Do Plan Estatal de Accións Estratéxicas en materia de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- d) Do Plan de Coordinación coas axencias autonómicas de investigación e desenvolvemento.

12.- Segundo dispón o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes é unha competencia de execución da lexislación do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) As verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.
- b) O fomento e planificación da actividade económica en Galicia.
- c) Agricultura e gandería.
- d) Institucións de crédito corporativo, público e territorial.

13.- O Estatuto de Autonomía de Galicia poderá reformarse:

- a) Por iniciativa do Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos.
- b) Por iniciativa do Parlamento de Galicia, por maioría simple.
- c) Por iniciativa do Parlamento de Galicia, por maioría absoluta.
- d) Por iniciativa do Parlamento de Galicia, por proposta dunha quinta parte dos seus membros.

14.- Segundo o artigo 20 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, cal das seguintes é unha modalidade específica de contrato de traballo do persoal investigador?:

- a) Contrato predoutoral.
- b) Contrato de acceso de persoal investigador distinguido.
- c) Contrato para un proxecto específico de investigación.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

15.- O tratado de funcionamento da Unión Europea indica no seu artigo 244 que os membros da Comisión serán elixidos:

- a) Por sufraxio universal, libre, directo e secreto.
- b) Mediante un sistema de rotación establecido por unanimidade polo Consello Europeo.
- c) Por cada país entre os seus deputados nacionais.
- d) Polo Parlamento Europeo.

16.- No sistema comunitario, a libre circulación dos traballadores dentro da Unión:

- a) Quedará asegurada nos empregos da Administración pública, en calquera caso.
- b) Quedará asegurada con limitacións xustificadas por razóns de orde pública, seguridade e saúde públicas.
- c) Non supoñerá a abolición de toda discriminación por razón da nacionalidade entre os traballadores dos Estados membros, con respecto ao emprego, a retribución e as demais condicións de traballo.
- d) Unicamente supoñerá a abolición de toda discriminación por razón de nacionalidade con respecto á retribución.

17.- A autorización para a realización das actividades previstas no Regulamento para a realización de actividades de investigación ó abeiro do establecido no artigo 83 da LOU correspóndelle a:

- a) Consello de Goberno, por proposta da vicerreitoría con competencias en materia de política científica.
- b) Xerente, por delegación do reitor.
- c) Reitor.
- d) Comisión de Actividades e Servizos de I+D.

18.- Con respecto aos fondos europeos con finalidade estrutural:

- a) Non se poderán agrupar.
- b) Terán como fin reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións e o atraso das rexións menos favorecidas.
- c) Cada tres anos, o Parlamento presentará un informe á Comisión, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións sobre os avances realizados na consecución da cohesión económica, social e territorial.
- d) Unicamente supoñerá a abolición de toda discriminación por razón de nacionalidade, con respecto á retribución.

19.- A realización de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación dun expediente de contratación:

- a) Excepto para os contratos menores.
- b) Só para os acordos que celebre o Estado con outros estados.
- c) Só para contratos con valor estimado superior a 100 000 EUR.
- d) Motivando a necesidade do contrato.

20.- Segundo o artigo 43 do Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da USC, de 30 de decembro de 2008, exceptúase do réxime ordinario de xornada os seguintes casos:

- a) Xornada diúrna.
- b) Xornada para os traballadores da Imprenta Universitaria.
- c) Xornada dos traballadores da Escola Infantil.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

21.- Respecto dos criterios de adxudicación, a lei indica que:

- a) A mellor relación calidade-prezo avaliarase de acordo con criterios económicos e cualitativos.
- b) Os contratos non se poderán adxudicar de acordo con criterios baseados nunha formulación que atenda á mellor relación custo-eficacia.
- c) Os criterios cualitativos que estableza o órgano de contratación para avaliar a mellor relación calidade-prezo non poderán incluír aspectos medioambientais ou sociais, vencellados ao obxecto do contrato.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

22.- Os contratos extinguíranse:

- a) Por cumprimento ou por resolución.
- b) Unicamente por cumprimento.
- c) Unicamente por resolución.
- d) Unicamente por decisión unilateral do contratista.

23.- De acordo co Decreto legislativo 1/1999 polo que se aproba a Lei de réxime económico e orzamentario de Galicia, as leis anuais de orzamentos:

- a) Poden conter normas relacionadas coa súa actividade económico-financeira con vixencia exclusiva no exercicio económico.
- b) No caso de conter normas, unicamente poden ter vixencia permanente.
- c) Poden conter normas relacionadas coa súa actividade económico-financeira con vixencia temporal, pero sempre igual ou inferior ao exercicio económico para o que se aproban os orzamentos.
- d) Poden conter normas relacionadas coa súa actividade económico-financeira con vixencia permanente ou vixencia temporal superior ao período anual.

24.- Para calcular o valor estimado dos contratos de obras, servizos e subministracións non se terán en conta:

- a) As prórrogas.
- b) As modificacións á alza previstas nos pregos.
- c) Os custos derivados das normativas laborais vixentes.
- d) As modificacións á baixa.

25.- O Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, de conformidade co seu artigo 1.1, ten por obxecto:

- a) Establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.
- b) Establecer as bases do réxime estatutario dos empregados públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.
- c) Determinar as normas aplicables dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.
- d) Establecer as bases do réxime estatutario do persoal laboral ao servizo das administracións públicas.

26.- A quen lle encomenda a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia velar por impedir ou facer cesar calquera publicidade que unha universidade difunda na comunidade autónoma que resulte enganosa?:

- a) Ao Consello Social.
- b) Á consellería competente en materia de universidades.
- c) Á Xunta de Galicia mediante decreto.
- d) Á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

27.- O Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, de conformidade co seu artigo 2, non é aplicable a:

- a) A Administración Xeral do Estado.
- b) As administracións das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.
- c) As administracións das entidades locais.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

28.- De conformidade co artigo 141 do Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, estarán suxeitos á obrigaón de cotizar ao réxime xeral da Seguridade Social:

- a) Os traballadores e os empresarios.
- b) Soamente os empresarios.
- c) Nin os traballadores nin os empresarios.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

29.- A estrutura a nivel europeo que ten como obxectivo a creación dun mercado único da Unión Europea para a investigación, a innovación e a tecnoloxía denomínase:

- a) Comisariado europeo para a investigación e a tecnoloxía.
- b) Espazo europeo de investigación.
- c) Tratado de París para o desenvolvemento tecnolóxico.
- d) Dirección Xeral da Comisión Europea para a Ciencia e a Innovación.

- 30.- De acordo co artigo 177 do Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, a efectos da prestación por nacemento e coidado de menor prevista nesta sección, considéranse situacións protexidas:**
- Nacemento e adopción.
 - O acollemento familiar, de conformidade co Código civil ou as leis civís das comunidades autónomas que o regulen, sempre que a súa duración sexa inferior a un ano.
 - Unicamente a garda con fins de adopción, sempre que a súa duración sexa superior a un ano.
 - Unicamente a garda con fins de adopción, sempre que a súa duración sexa superior a dous anos.
- 31.- De acordo co Regulamento de funcionamento do Catálogo de investigadores e grupos de investigación da USC, as unidades básicas de organización e xestión da actividade investigadora son:**
- Os grupos de investigación.
 - Os departamentos universitarios e os institutos de investigación.
 - Os centros singulares de investigación.
 - Os grupos de referencia competitiva.
- 32.- Segundo o artigo 264 del Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, estarán comprendidos na protección por desemprego, sempre que teñan previsto cotizar por esta continxencia:**
- Os traballadores por conta allea excluídos do réxime xeral da Seguridade Social.
 - Os traballadores por conta allea excluídos dos réximes especiais da Seguridade Social que protexen esa continxencia, coas peculiaridades que se establezan regulamentariamente.
 - Os funcionarios interinos, o persoal eventual, así como o persoal contratado no seu momento en réxime de dereito administrativo ao servizo das administracións públicas.
 - Ningunha das anteriores é correcta.
- 33.- Segundo o artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, o contrato predoutoral tamén terá por obxecto:**
- A orientación posdoutoral por un período máximo de doce meses.
 - A orientación posdoutoral por un período mínimo de doce meses.
 - A orientación posdoutoral por un período máximo de vinte e catro meses.
 - A orientación posdoutoral por un período mínimo de vinte e catro meses.
- 34.- Dentro do sector público, e para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), a USC terá a consideración de Administración pública:**
- Non, pero é poder adxudicador.
 - Si, pero non é poder adxudicador.
 - Si, e ademais é poder adxudicador.
 - Ningunha das anteriores é correcta.

35.- Segundo o artigo 4 do Regulamento de selección do persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da Universidade de Santiago de Compostela, os méritos xerais nas convocatorias de selección deberán representar:

- a) Entre o trinta e o corenta por cento da puntuación total.
- b) Entre o vinte e o vinte e cinco por cento da puntuación total.
- c) Entre o corenta e o sesenta por cento da puntuación total.
- d) Entre o trinta e cinco e o corenta por cento da puntuación total.

36.- Segundo o artigo 29 do Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da USC, de 30 de decembro de 2008, poderán realizarse permutas entre traballadores fixos en activo, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que se trate de postos singularizados.
- b) Que os postos de traballo sexan de diferente categoría.
- c) Que lles corresponda idéntica forma de provisión.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

37.- De acordo co Plan xeral de contabilidade pública, o principio de desafectación indica que:

- a) Os ingresos orzamentarios deben sempre indicar que gastos concretos van financiar.
- b) Os gastos non se poden imputar ao orzamento ata que se recoñezan os dereitos equivalentes no orzamento de ingresos.
- c) Os ingresos destinaranse a financiar a totalidade dos gastos desa natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros.
- d) Aos gastos non lles afecta se se producen ou non ingresos.

38.- Segundo o artigo 18 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, co fin de dar cumprimento ao deber de protección o empresario adoptará as medidas adecuadas para que os traballadores reciban todas as informacións necesarias en relación:

- a) Cos riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aqueles que afecten á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
- b) Coas medidas e actividades de protección e prevención inaplicables aos riscos sinalados no apartado anterior.
- c) Coas medidas de emerxencia non adoptadas.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

39.- Segundo o artigo 19 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades as actividades seguintes:

- a) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teña carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de oitenta e cinco horas ao ano, así como a preparación para o acceso á función pública nos casos e forma que regulamentariamente se determine.
- b) O exercicio do cargo retribuído de presidente, vogal ou membro de xuntas reitoras de mutualidades ou padroados de funcionarios.
- c) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

40.- Respecto da compatibilidade de dúas actividades públicas do persoal ao servizo das administracións públicas, o artigo 4 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas dispón que:

- a) Non poderá autorizarse a compatibilidade, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada.
- b) Poderá autorizarse a compatibilidade, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada.
- c) Poderá autorizarse a compatibilidade con outra actividade pública, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario interino de substitución en réxime de dedicación superior á de tempo parcial e con duración determinada.
- d) Poderá autorizarse a compatibilidade para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación superior á de tempo parcial e con duración determinada.

41.- Segundo a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:

- a) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.
- b) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesouraría.
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.

- 42.- De conformidade co artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, a desestimación por silencio administrativo:**
- a) Ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.
 - b) Ten os únicos efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo.
 - c) Ten os únicos efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
- 43.- De conformidade coa Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal eventual corresponde aos mesmos órganos competentes para o seu nomeamento e prodúcese pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:**
- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.
 - b) Cesamento da autoridade que propuxo o nomeamento.
 - c) Decisión condicionada da persoa responsable xerarquicamente superior.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
- 44.- Son faltas graves do persoal funcionario, de conformidade co artigo 186 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia:**
- a) A intervención nun procedemento administrativo cando concorra algunha das causas de abstención legalmente establecidas.
 - b) O encubrimento de faltas consumadas graves e a cooperación na súa execución con actos anteriores ou simultáneos, cando destas faltas se derivara dano grave para a Administración pública na que preste servizos ou para os cidadáns.
 - c) A incorrección con outros empregados públicos ou cos cidadáns cos que se relacione no exercicio das súas funcións.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
- 45.- O Plan xeral de contabilidade pública di que nos requisitos das operacións que forman parte das contas anuais dunha institución:**
- a) A forma xurídica das operacións determinará a categorización das operacións como correntes ou de capital.
 - b) A forma xurídica das operacións é máis importante que o seu contido económico.
 - c) O fondo económico debe prevalecer sobre a súa forma xurídica.
 - d) A contía económica das operacións poderá axustarse en función da forma xurídica destas.

46.- Segundo se dispón na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou outras:

- a) Deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.
- b) Deberanse impoñer as sancións correspondentes á totalidade das infraccións cometidas.
- c) Deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida no seu grao máis alto.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

47.- Segundo se dispón na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo:

- a) En canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, salvo polo referido ás sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.
- b) En canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.
- c) En canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.
- d) En canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor no referido aos prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.

48.- En materia de cómputo de prazos, e conforme ao preceptuado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto desde o minuto seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- b) Os prazos expresados por horas contaránse a partir do primeiro minuto da hora seguinte a aquela en que se practicou a notificación.
- c) Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e minuto en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

49.- En relación coa práctica das notificacións en papel, o artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que:

- a) Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non acharse presente este no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo da mesma calquera persoa maior de 12 anos que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade.
- b) Se ninguén se fai cargo da notificación no domicilio do interesado, tentarase practicala novamente por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos 5 días hábiles seguintes.
- c) Se ninguén se fai cargo da notificación no domicilio do interesado, tentarase practicala novamente por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

50.- Segundo dispón o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración de lesividade de actos anulables non poderá adoptarse:

- a) Unha vez transcorridos catro anos desde que se ditou o acto administrativo.
- b) Unha vez transcorridos seis meses desde que se ditou o acto administrativo.
- c) Unha vez transcorrido un ano desde que se ditou o acto administrativo.
- d) Unha vez transcorridos tres anos desde que se ditou o acto administrativo.

51.- O artigo 41.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que en ningún caso se efectuarán as notificacións por medios electrónicos cando:

- a) O acto para notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.
- b) Se lle enviou previamente ao interesado un aviso de notificación a un dispositivo electrónico e/ou unha dirección de correo electrónico.
- c) Se realicen con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.
- d) O acto para notificar sexa unha resolución en materia de persoal.

52.- Segundo o artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Non son anulables os actos da Administración que incorran en desviación de poder.
- b) A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas implicará en todo caso a anulabilidade do acto.
- c) O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.
- d) O defecto de forma non determinará en ningún caso a anulabilidade.

53.- Segundo dispón a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a interpretación e aplicación da mesma:

- a) Rexerese polo principio de accesibilidade universal da información pública.
- b) Non se rexerá polos principios de participación cidadá e de reutilización da información.
- c) Non se rexerá polo principio de participación cidadá.
- d) Non se rexerá polo principio de reutilización da información.

54.- De acordo co disposto polo Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos:

- a) Cando no marco dun procedemento administrativo tramitado por medios electrónicos o órgano actuante estea obrigado a facilitarlle ao interesado un exemplar dun documento administrativo electrónico, tal documento poderase substituír pola entrega dos datos necesarios para o seu acceso por medios electrónicos adecuados.
- b) Cando no marco dun procedemento administrativo tramitado por medios electrónicos o órgano actuante estea obrigado a facilitarlle ao interesado un exemplar dun documento administrativo electrónico, tal documento non se poderá substituír pola entrega dos datos necesarios para o seu acceso por medios electrónicos adecuados.
- c) As oficinas de asistencia en materia de rexistro non teñen natureza de órgano administrativo.
- d) As oficinas de asistencia en materia de rexistros non desenvolverán a función de comunicación ás persoas interesadas do código de identificación do órgano, organismo público ou entidade á que se dirixe a solicitude, escrito ou comunicación.

55.- Segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada:

- a) No prazo dun mes a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- b) En calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- c) No prazo de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- d) En calquera momento a partir do día en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

56.- Segundo o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polo que respecta ao deber de colaboración entre as administracións públicas, as mesmas:

- a) Deberán ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión estea encomendada ás outras administracións.
- b) Non deberán prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras administracións puidesen solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.
- c) Deberán ponderar, no exercicio das competencias propias, unicamente os intereses públicos cuxa xestión entre no ámbito das súas propias competencias.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

57.- Segundo dispón a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, os xulgados do contencioso-administrativo coñecerán, en única ou primeira instancia:

- a) De calquera recurso que se deduza fronte aos actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas ás mesmas.
- b) Dos recursos que se deduzan fronte aos actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas ás mesmas, excluídas as impugnacións de calquera clase de instrumentos de planeamento urbanístico.
- c) Dos recursos que se deduzan fronte aos actos administrativos procedentes dos respectivos consellos de goberno das comunidades autónomas.
- d) De calquera recurso que se deduza fronte aos actos das entidades locais.

58.- Segundo se dispón na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as entidades que integran o sector público institucional:

- a) Non están sometidas na súa actuación ao principio de eficiencia económica, aínda que si ao de sustentabilidade financeira.
- b) Están sometidas na súa actuación unicamente aos principios de legalidade e sustentabilidade financeira.
- c) Están sometidas na súa actuación unicamente aos principios de legalidade, eficiencia económica e sustentabilidade financeira.
- d) Están sometidas na súa actuación aos principios de legalidade, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira así como ao principio de transparencia na súa xestión.

59.- Segundo dispón a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza coñecerán en única instancia dos recursos que se deduzan en relación con:

- a) As resolucións ditadas polo Tribunal Económico-Administrativo Central en materia de tributos cedidos.
- b) As impugnacións contra actos das xuntas electorais de zona e as formuladas en materia de proclamación de candidaturas e candidatos efectuada por calquera das xuntas electorais, nos termos previstos na lexislación electoral.
- c) Todas as resolucións que se diten en materia de estranxeiría pola Administración periférica do Estado ou polos órganos competentes das comunidades autónomas.
- d) As apelacións promovidas contra sentenzas e autos ditados polos xulgados do contencioso-administrativo, e dos correspondentes recursos de queixa.

60.- Segundo o artigo 22 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, os contratos de acceso de persoal investigador doutor:

- a) Terán unha duración de polo menos de tres anos, e poderán prorrogarse ata o límite máximo de seis anos. As prórrogas non poderán ter una duración inferior a un ano.
- b) Terán una duración de polo menos dous anos, e poderán prorrogarse ata o límite máximo de seis anos. As prórrogas non poderán ter una duración inferior a un ano.
- c) Terán unha duración inferior a tres anos, e poderán prorrogarse ata o límite máximo de cinco anos. As prórrogas non poderán ter una duración inferior a un ano.
- d) Terán unha duración de polo menos tres anos, e poderán prorrogarse ata o límite máximo de seis anos. As prórrogas non poderán ter una duración superior a un ano.

61.- Segundo dispón a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no procedemento en primeira ou única instancia, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será:

- a) De dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso.
- b) De dous meses contados desde o día da publicación da disposición impugnada ou da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso.
- c) Dun mes contado desde o día da publicación da disposición impugnada ou da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso.
- d) Dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso.

62.- Segundo a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- a) Considérase discriminación directa por razón de sexo a situación en que se atopa unha persoa que sexa ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable ca outra en situación comparable.
- b) Considérase discriminación indirecta por razón de sexo a situación en que se atopa unha persoa que sexa ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable ca outra en situación comparable.
- c) Considérase discriminación directa, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro, salvo que esa disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar esa finalidade sexan necesarios e adecuados.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

63.- Para a afectación de recursos da Comunidade autónoma para fins determinados, de acordo co Decreto legislativo 1/1999 polo que se aproba a Lei de réxime económico e orzamentario de Galicia:

- a) Requírese a aprobación por lei desa afectación.
- b) É preciso acreditar a suficiencia financeira dos recursos, expresada en termos do Sistema europeo de contas.
- c) Requírese a autorización da consellería con competencias sobre a Facenda autonómica.
- d) A afectación de créditos non é posible, dado que os recursos da Comunidade autónoma estarán destinados a satisfacer o conxunto das súas obrigas respectivas.

64.- De acordo co Decreto legislativo 1/1999 polo que se aproba a Lei de réxime económico e orzamentario de Galicia, con carácter xeral, os créditos do orzamento de gasto teñen carácter vinculante a nivel de:

- a) Artigo.
- b) Capítulo.
- c) Subconcepto.
- d) Concepto.

65.- De conformidade co Decreto legislativo 1/1999 polo que se aproba a Lei de réxime económico e orzamentario de Galicia, en xeral, os compromisos de gasto por contía superior ao crédito dos estados de gastos son nulos de pleno dereito. Cal das seguintes sería unha excepción?:

- a) Os gastos realizados con cargo a créditos de financiamento afectado.
- b) Os compromisos que correspondan a créditos determinados como ampliables.
- c) Os compromisos derivados dunha orde da Consellería de Facenda.
- d) Os gastos, calquera que sexa a súa natureza, derivados de contratos celebrados en exercicios anteriores.

66.- A asignación de custos aos obxectos de custo no modelo CANOA de contabilidade analítica pode ser:

- a) Directa ou indirecta.
- b) Inmediata ou a posteriori.
- c) Económica ou monetaria.
- d) Económica ou cualitativa.

67.- De acordo coa Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, unha situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, denomínase:

- a) Equilibrio orzamentario.
- b) Contención do déficit.
- c) Sustentabilidade financeira.
- d) Estabilidade orzamentaria.

68.- Segundo dispón a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, o Parlamento de Galicia:

- a) Elixirá de entre os seus membros ao presidente da Xunta de Galicia.
- b) Non poderá delegar a potestade lexislativa na Xunta de Galicia.
- c) Poderá presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados proxectos de lei.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

69.- A natureza dun gasto defínese, segundo a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na:

- a) Clasificación orgánica.
- b) Clasificación por programas.
- c) Clasificación funcional.
- d) Clasificación económica.

70.- Os orzamentos das universidades públicas e as súas liquidacións deben facer unha referencia, de acordo coa Lei Orgánica 6/2001, de universidades, (LOU) a:

- a) O sometemento á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- b) A autorización do incremento anual por parte da Comunidade autónoma para os gastos en bens e servizos.
- c) A que a execución dos gastos estará supeditada á obtención dos ingresos necesarios, para dar cumprimento ao principio de equilibrio orzamentario.
- d) Ao cumprimento do equilibrio e sustentabilidade financeiros.

71.- Sinale a resposta correcta respecto do Consello de Estudantes Universitario do Estado:

- a) Formarán parte del cinco representantes, estudantes universitarios, pertencentes a confederacións, federacións e asociacións de estudantes.
- b) Cinco membros serán designados polo seu presidente, entre personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación superior que sexan, ou fosen, membros dos consellos de goberno das universidades ou asociacións ou organizacións de ámbito estudantil.
- c) O secretario xeral de Universidades, actuará de secretario do Consello.
- d) Un dos representantes estudiantís, elixido polo Pleno, será vicepresidente primeiro.

72.- No Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (PGFU), cal dos seguintes subfondos representa un peso maior no conxunto das transferencias?:

- a) Custo estándar.
- b) Gasto corrente e mantemento de infraestruturas.
- c) Custos asociados ao funcionamento do SUG.
- d) Financiamento da investigación.

73.- A que órgano da USC lle corresponde aprobar unha ampliación de crédito?:

- a) Ao Consello de Goberno.
- b) Ao Consello Social.
- c) Ao reitor.
- d) Ao xerente, por delegación do reitor, dando conta ao Consello de Goberno e Consello Social.

74.- De acordo cos Estatutos da USC, a incorporación de remanentes:

- a) Apróbaa o reitor, dando conta ao Consello de Goberno e Consello Social.
- b) Debe autorizala o Consello Social, por proposta do Consello de Goberno.
- c) Non poden realizarse se a liquidación do orzamento se realiza con déficit.
- d) Debe autorizala o Consello Social, con autorización previa da Comunidade autónoma.

75.- Segundo dispón a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- a) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de dezaseis anos.
- b) O tratamento dos datos dos menores de dezaseis anos, fundado no consentimento, só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela, co alcance que determinen os titulares da patria potestade ou tutela.
- c) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

76.- No réxime xurídico das subvencións establecida pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quen se obrigue a realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento:

- a) Ten a consideración de beneficiario.
- b) Ten a consideración de órgano concedente da subvención, nos termos que establezan as bases reguladoras.
- c) Non podería recibir unha subvención, dado que estas recíbense sen contraprestación.
- d) Ten a consideración de entidade colaboradora.

77.- O artigo 165 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, respecto da administración dos bens de titularidade desta establece:

- a) Que lle corresponde ao Consello de Goberno ditar as normas regulamentarias relativas á administración dos bens patrimoniais.
- b) Que lle corresponde ao Consello Social ditar as normas regulamentarias relativas á administración dos bens de dominio público, pero non dos patrimoniais.
- c) Que lle corresponde ao Consello de Goberno ditar as normas regulamentarias relativas á administración dos bens de dominio público.
- d) Que lle corresponde ao Consello Social ditar as normas regulamentarias relativas á administración dos bens de dominio público e dos patrimoniais, así como os procedementos para a súa adquisición e para a súa cesión.

78.- É causa de perda da condición de funcionario de carreira ao amparo do artigo 64 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) A renuncia ao posto de traballo.
- b) A perda da nacionalidade.
- c) A sanción disciplinaria de suspensión de funcións.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

79.- De acordo co Plan xeral de contabilidade pública, as transaccións e outros feitos económicos débense recoñecer en función da corrente real de bens e servizos que representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada. Esta é a definición do principio de:

- a) Prioridade do procedemento.
- b) Prudencia.
- c) Anualidade.
- d) Devindicación.

80.- No procedemento aberto, os criterios avaliados mediante un xuízo de valor serán aplicados:

- a) Se teñen atribuída unha ponderación maior ca a correspondente aos criterios avaliados de forma automática, polo proponente do contrato.
- b) Se teñen atribuída unha ponderación maior ca a correspondente aos criterios avaliados de forma automática, por un comité formado por expertos con cualificación axeitada ou un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.
- c) Se teñen atribuída unha ponderación maior ca a correspondente aos criterios avaliados de forma automática, polo órgano de contratación.
- d) Se teñen atribuída unha ponderación maior ca a correspondente aos criterios avaliados de forma automática, pola Mesa de contratación, se intervéen.

81.- De acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria:

- a) As administracións públicas actuarán de acordo con os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.
- b) Non é necesario que na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo se trate, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, se xustifique que a actuación normativa das administracións públicas se axusta ao principio de eficiencia.
- c) Non é necesario que na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo se trate, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, se xustifique que a actuación normativa das administracións públicas se axusta ao principio de transparencia.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

82.- De acordo coa Lei 14/2011 do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, o Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación é o conxunto de axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de:

- a) Investigación básica e aplicada.
- b) I+D+i e transferencia.
- c) Investigación pública e privada.
- d) Coordinación, financiamento e execución.

83.- Cal dos seguintes colectivos non forma parte do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, de acordo coa Lei 14/2011 do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación?:

- a) O profesorado axudante das universidades públicas.
- b) O persoal técnico.
- c) O persoal que realiza funcións de xestión relacionadas coa transferencia do coñecemento.
- d) O persoal investigador.

84.- De acordo co Regulamento para a realización de actividades de investigación ó abeiro do establecido no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001 de universidades, a persoa do colectivo de persoal docente e investigador, vinculado á USC, que actúe como interlocutor coa OIT e teña encomendadas, entre outras, a función de presentación da proposta da actividade, denomínase:

- a) Director/a do centro de gasto.
- b) Investigador/a principal.
- c) Director/a da unidade de gasto.
- d) Director/a científico/a do proxecto.

85.- De acordo co Regulamento da USC para a realización de actividades de investigación ao amparo do establecido no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001 de universidades:

- a) A titularidade dos bens e recursos obtidos a través das actividades ás que se refire o Regulamento corresponde sempre á Universidade.
- b) A titularidade dos bens e recursos obtidos a través das actividades ás que se refire o Regulamento corresponde sempre á Universidade, agás que no contrato ou convenio se estableza unha titularidade específica para as partes contratantes.
- c) A titularidade dos bens e recursos obtidos a través das actividades ás que se refire o Regulamento corresponde á entidade financiadora.
- d) A titularidade dos bens e recursos obtidos a través das actividades ás que se refire o Regulamento corresponde ao grupo de investigación, agás que no contrato se estableza unha titularidade diferente.

86.- Entre as obrigas relacionadas cos orzamentos que prevé a Lei orgánica 6/2001, de universidades, para as universidades públicas está:

- a) A prohibición de liquidar o orzamento con remanente de tesouraría negativo.
- b) A de disolver o Claustro e convocar eleccións no caso de que se incumpra o previsto na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- c) A de confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do 1 de marzo do ano seguinte.
- d) A de someter a aprobación do orzamento ao órgano fiscalizador da Comunidade autónoma.

87.- A Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia, no artigo 96, respecto da conciliación da vida familiar e laboral recolle:

- a) Preferencia na elección de materias docentes para impartir e de horarios, sempre que sexa posible, para quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla menor de cinco anos.
- b) Preferencia na elección de materias docentes para impartir e de horarios, sempre que sexa posible, para quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla menor de doce anos.
- c) Establece supostos específicos de conciliación para familias monoparentais.
- d) Os dereitos recoñecidos no artigo que a regula extingúense ao rematar o curso académico.

88.- De acordo co Regulamento de funcionamento do Catálogo de investigadores e grupos de investigación da USC, a persoa interlocutora dun grupo de investigación coa vicerreitoría con competencias na materia denomínase:

- a) Investigador/a principal.
- b) Coordinador/a.
- c) Director/a da unidade de gasto.
- d) Responsable científico/a.

89.- De acordo co Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na USC, a titularidade deses resultados correspóndelle:

- a) Ao grupo de investigación.
- b) Á Universidade.
- c) Ao departamento ao que estean adscritos os investigadores.
- d) Ao equipo de investigación.

90.- De conformidade co artigo 20 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os empregados públicos clasifícanse:

- a) En persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral, persoal eventual e persoal directivo.
- b) En persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral e persoal eventual.
- c) En persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral fixo, persoal laboral temporal, persoal eventual e persoal directivo.
- d) En persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral e persoal directivo.

91.- De acordo co Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na USC, os rendementos económicos derivados da explotación comercial dos resultados corresponderalle:

- a) Á Universidade, ao equipo investigador e ao departamento, a partes iguais.
- b) Ao departamento ou instituto universitario que sufragara os gastos de xestión do expediente.
- c) Aos investigadores que propiciaron os resultados obxecto de explotación, unha vez descontados os custos indirectos.
- d) Á Universidade na súa totalidade, ata que amortice todos os custos nos que incorrera.

92.- Segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que reste menos para a súa tramitación ordinaria, os procedementos administrativos tramitados de maneira simplificada deberán ser resolto:

- a) En trinta días, a contar desde o día en que se lle notifique ao interesado o acordo de tramitación simplificada do procedemento.
- b) En trinta días, a contar desde o seguinte ao que se lle notifique ao interesado o acordo de tramitación simplificada do procedemento.
- c) En quince días, a contar desde o seguinte ao que se lle notifique ao interesado o acordo de tramitación simplificada do procedemento.
- d) En quince días, a contar desde o día en que se lle notifique ao interesado o acordo de tramitación simplificada do procedemento.

93.- De acordo co previsto no artigo 97 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, sinale a resposta correcta:

- a) A Xunta de Facultade ou de Escola reunirase con carácter ordinario, polo menos catro veces durante o curso académico en período lectivo.
- b) A Xunta de Facultade ou de Escola reunirase con carácter ordinario, polo menos dúas veces durante o curso académico.
- c) A Xunta de Facultade ou de Escola reunirase con carácter ordinario, polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo.
- d) Os Estatutos non establecen un número mínimo de reunións ordinarias durante o curso académico.

94.- Os títulos de propiedade dos resultados xerados polo persoal aos que fai referencia o Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na USC:

- a) Deben figurar no Inventario de resultados descrito no Regulamento.
- b) Serán xestionados polo grupo de investigación que xerou eses resultados.
- c) Forman parte do patrimonio da USC.
- d) Serán xestionados polo departamento ou instituto de investigación ao que estean adscritos os investigadores.

95.- O Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na USC establece que se lles recoñecerá aos autores ou inventores con respecto aos resultados xerados:

- a) O dereito moral.
- b) O dereito de titularidade.
- c) O dereito de compra preferente.
- d) O dereito de venda.

96.- As universidades públicas, en relación co disposto na Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia:

- a) Na aprobación dos seus orzamentos, deberán respectar os límites establecidos nos orzamentos da Xunta para o SUG.
- b) Deberán limitar o incremento dos gastos correntes de acordo co IPC previsto.
- c) Deberán elaborar os seus orzamentos con criterios homoxéneos, de xeito que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos da Comunidade autónoma.
- d) Deben someter a aprobación do seu límite de gasto ao Parlamento de Galicia.

97.- De conformidade co artigo 90.2, do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, os convenios deberán ser presentados perante a autoridade laboral competente, para os únicos efectos de rexistro:

- a) Dentro do prazo de vinte días a partir do momento en que as partes negociadoras o asinen.
- b) Dentro do prazo de dez días a partir do momento en que as partes negociadoras o asinen.
- c) Dentro do prazo de quince días a partir do momento en que as partes negociadoras o asinen.
- d) Dentro do prazo de trinta días a partir do momento en que as partes negociadoras o asinen.

98.- O instrumento financeiro da UE que consiste nun orzamento de investimento, e que polo xeral cobre un período de sete anos, cos recursos para poñer en marcha políticas e achegar valor engadido en beneficio dos cidadáns da Unión Europea, denomínase:

- a) Programa Marco.
- b) Espazo europeo de investigación.
- c) Horizonte 2020.
- d) Marco financeiro plurianual.

99.- O principal programa da Unión Europea en materia de investigación e innovación denomínase:

- a) Horizonte Europa.
- b) Programa comunitario de I+D+i.
- c) Programa EUREKA.
- d) Programa Next Generation EU.

100.- Entre os obxectivos da Lei 14/2011 do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, non figura:

- a) Protexer a publicación e difusión dos resultados da investigación, evitando o acceso libre a eses resultados.
- b) Promover a innovación pública.
- c) Promover a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal na ciencia.
- d) Promover a retención, atracción e retorno do talento científico e investigador.

101.- A visión e os obxectivos xerais das políticas en materia de investigación, desenvolvemento experimental e innovación en España para o período 2021-2027 vén definida:

- a) No Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación.
- b) Na Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación.
- c) No Programa marco da Axencia Estatal de Investigación.
- d) No Marco plurianual do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

102.- Con respecto á Axencia Estatal de Investigación, cal das seguintes afirmacións é incorrecta?:

- a) É un axente de xestión do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación (PEICTI).
- b) É un axente financiador do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación (PEICTI).
- c) Está adscrita á Intervención Xeral da Administración do Estado.
- d) Está adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación.

103.- Segundo o artigo 174 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia procede declarar, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público a:

- a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.
- b) O persoal funcionario de carreira que, en virtude dos procesos de transferencias ou polos procedementos de provisión de postos de traballo, obteña destino nunha Administración pública distinta.
- c) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas na mesma Administración pública e lle corresponda quedar noutra situación administrativa.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

104.- Cal dos seguintes non é un posible instrumento de financiación do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación?:

- a) Préstamos.
- b) Subvencións.
- c) Contratación pública.
- d) Avais.

105.- De acordo co Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (de aquí en diante, Estatutos da USC), no caso de se producir a desafectación dun ben de dominio público do que é titular consonte a lexislación vixente, isto implicará:

- a) A devolución do ben á administración de orixe.
- b) A USC poderá exercer un dereito prioritario de adquisición, se obtén o consentimento preceptivo da Comunidade autónoma.
- c) A consideración dese ben como patrimonio da Administración autonómica.
- d) A consideración como ben patrimonial da USC.

106.- Dentro do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación, a “medicina de precisión” constitúe:

- a) Unha acción de primeiro nivel.
- b) Unha agrupación temática.
- c) Unha liña estratéxica.
- d) Un subprograma.

107.- Os programas con financiamento europeo executados no marco do obxectivo da cooperación territorial europea, para a cooperación transfronteiriza a nivel rexional e nacional, denomínanse:

- a) Interreg.
- b) Fondo Social Europeo (FSE+).
- c) Programas React-UE.
- d) Programas estruturais de cooperación.

108.- De acordo co Regulamento da USC para a creación de empresas de base tecnolóxica, a participación da USC no seu capital social:

- a) Será aprobada polo Consello Social.
- b) Debe ser maioritaria, de xeito que os órganos de goberno da USC teñan capacidade de decisión na xunta xeral da empresa.
- c) Será aprobada polo Consello de Goberno, por proposta da Comisión de Transferencia.
- d) Debe figurar nos orzamentos da USC.

109.- De acordo co Regulamento da USC para a creación de empresas de base tecnolóxica, as empresas formadas por unha ou máis persoas da comunidade universitaria da USC que presentan un marcado carácter innovador denomínanse:

- a) *Start-ups* USC.
- b) Empresas de base tecnolóxica (EBT).
- c) *Spin-offs*.
- d) *Risk and venture enterprises* (RVE).

110.- De acordo co Regulamento da USC para a creación de empresas de base tecnolóxica, cal dos seguintes documentos non forma parte do proceso de creación dunha EBT?:

- a) Un plan de empresa.
- b) Un compromiso de asesoramento e titorización.
- c) O pacto de socios.
- d) A resolución de autorización da vicerreitoría con competencias en política científica.

111.- Consonte ao disposto polo artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa:

- a) Non poderá exceder de tres meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- b) Será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.
- c) Non poderá exceder de seis meses en ningún caso.
- d) Non poderá exceder de cinco meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.

112.- HR Excellence in Research refírese a:

- a) Un selo da Axencia Estatal de Investigación que recoñece os esforzos na estabilización de investigadores.
- b) Un selo que recoñece o compromiso coa construción do Espazo europeo de investigación que favorece o desenvolvemento da carreira investigadora.
- c) A Estratexia de recursos humanos para o persoal investigador.
- d) O Código de conduta para a contratación de investigadores.

113.- As estruturas básicas do modelo CANOA de contabilidade analítica son os elementos de custo, elementos de ingreso, actividades/produtos, e:

- a) Centros de custo.
- b) Créditos orzamentarios.
- c) Partidas de ingresos.
- d) Clasificación por programas.

114.- De acordo co artigo 26 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os directores de instituto serán designados:

- a) Entre os profesores e profesoras doutores con vinculación permanente á universidade.
- b) Entre doutores, na forma que establezan os Estatutos.
- c) Nos termos establecidos polos Estatutos, entre os profesores e profesoras doutores con vinculación permanente á universidade.
- d) Entre os profesores doutores que presten servizos na Universidade.

115.- De acordo coa normativa estatal básica sobre subvencións, para que unha entrega de diñeiro sexa considerada subvención deben darse unha serie de condicións. Cal das seguintes non é unha desas condicións?:

- a) A entrega debe facerse sen que exista contraprestación directa por parte do beneficiario.
- b) A entrega debe estar suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo.
- c) A entrega debe darse directamente por parte do órgano concedente ao beneficiario, sen a intervención doutros entes ou persoas xurídicas.
- d) O proxecto ou acción financiada debe ter por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social.

116.- De acordo co artigo 27 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as normas de organización e funcionamento das universidades privadas deberán garantir:

- a) Que o persoal docente ou investigador sexa oído no nomeamento do reitor.
- b) Que os estudantes sexan oídos no nomeamento do reitor.
- c) Que o PAS sexa oído no nomeamento do reitor.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

117.- A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades establece que o Claustro poderá convocar, con carácter extraordinario, eleccións a reitor:

- a) Por iniciativa dun terzo dos seus compoñentes e coa aprobación de tres quintos.
- b) Por iniciativa dun terzo dos seus compoñentes e coa aprobación da maioría absoluta.
- c) Por iniciativa dun terzo dos seus compoñentes e coa aprobación de dous terzos.
- d) Por iniciativa dun terzo dos seus compoñentes e coa aprobación da maioría simple.

118.- De acordo co previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, quen “Establece as liñas estratéxicas e programáticas da Universidade, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación, nos ámbitos de organización das ensinanzas, investigación, recursos humanos e económicos”?

- a) O Claustro Universitario.
- b) O Consello Social.
- c) O Consello de Goberno.
- d) O reitor.

119.- Está tipificada como infracción administrativa grave na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia:

- a) Acoller estudos universitarios en instalacións autorizadas para ensinanzas de distinto nivel de estudos.
- b) Impedir, obstruír ou coaccionar o labor de inspección universitaria.
- c) O cesamento das actividades dun centro ou dunha universidade sen obter previamente a autorización administrativa pertinente.
- d) O incumprimento por parte das universidades, logo do inicio das súas actividades, da normativa universitaria de aplicación.

120.- De acordo co previsto no artigo 86 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, sinala a resposta correcta:

- a) O reitor e o equipo reitoral manterán reunións, polo menos de carácter trimestral co conxunto dos decanos e directores de centro.
- b) O reitor e o equipo reitoral manterán reunións co conxunto de directores de departamento con carácter trimestral.
- c) O reitor e o equipo reitoral manterán reunións co conxunto dos directores de instituto universitario de investigación polo menos con carácter semestral.
- d) O xerente non figura como membro do equipo reitoral que asistirá ao reitor para o desenvolvemento das súas competencias.

PREGUNTAS DE RESERVA

121.- De acordo co previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os centros universitarios privados:

- a) Poderán estar integrados nunha universidade pública, como centros propios dela.
- b) Poderán estar adscritos a unha universidade pública.
- c) Poderán estar adscritos ou integrados nunha universidade pública.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

122.- Na Constitución española de 1978, o dereito á educación é:

- a) Un dereito fundamental por estar encadrado na sección 1ª do Capítulo II do Título I.
- b) Un dereito fundamental por estar encadrado na sección 1ª do Capítulo II do Título II.
- c) Non é un dereito fundamental.
- d) Non está recollido na Constitución.

123.- A garantía definitiva que debe prestarse nos contratos das administracións públicas responde:

- a) Unicamente da execución das prestacións do contrato dentro dos prazos previstos nel.
- b) Da obriga de adxudicar o contrato en prazo, de conformidade co disposto no artigo 153.
- c) Só da correcta execución das melloras ofertadas polo contratista mentres se estean executando.
- d) Da inexistencia de vicios ou defectos dos bens construídos ou subministrados ou dos servizos prestados durante o prazo de garantía que se prevese no contrato, nos contratos de obras, de servizos e de subministracións.

124.- No Estatuto do Estudante Universitario do Estado, regulado no Real decreto 1791/2010 de 30 de decembro (EEUE), o dereito a participar en programas e convocatorias de axudas de mobilidade nacional ou internacional:

- a) Non está recollido como un dereito específico dos estudantes de doutoramento.
- b) Non está recollido como un dereito específico dos estudantes de máster.
- c) Está recollido como un dereito específico dos estudantes de grao, en especial durante a segunda metade dos seus estudos.
- d) Está recollido como un dereito específico dos estudantes de formación continua.

125.- Segundo o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Os títulos universitarios oficiais deberán renovar a súa verificación antes dos oito anos, no caso dos graos e doutoramentos, e de seis anos no dos másters universitarios, desde a data da verificación inicial.
- b) A orde de autorización de implantación das ensinanzas universitarias oficiais publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e comunicaráselle á universidade correspondente e ao ministerio competente en materia de universidades.
- c) A orde de autorización de implantación das ensinanzas universitarias oficiais publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, con anuncio no BOE, e comunicaráselle á universidade correspondente e ao ministerio competente en materia de universidades.
- d) Unha vez aprobado o carácter oficial das ensinanzas universitarias oficiais de doutoramento, a universidade publicará o plan de estudos unicamente no *Boletín Oficial del Estado*.